


ΕΛΛΗΝΙΚΗ ΜΥΘΟΛΟΓΕΙΑ


A'

(MITOΛΟΧΙΑ GREKA - I)

A mitoloxía grega é un conxunto inmenso de relatos e lendas que se contaban e eran coñecidos na Idade Antiga durante o período de vixencia das civilizacións grega e romana, aproximadamente desde os s. IX-VIII a.C. ata os s. IV-V d.C.

Esas narracións conserváronse en multitude de textos e representacións gráficas, nos que non sempre se conta o mesmo mito de maneira idéntica. Isto débese á súa orixe e transmisión oral durante centos de anos





Eses relatos poden dividirse en catro grandes grupos:


1. **Cosmogonías:** explicación da orixe de todo o existente
2. **Teogonías:** relato da aparición dos diferentes deuses
3. **Ciclos divinos e heroicos:** narracións que teñen en común o protagonismo dun deus ou un ser humano de características excepcionais
4. **Relatos de aventuras:** historias nas que interveñen unha serie de deuses e seres humanos

Cosmogonía



Ó principio existían só a Noite (Νύξ) e Érebo (Ἔρεβος), dentro da Desorde (Χάος):


representan a escuridade da noite e as tebras. Segundo este relato, a existencia de todo o que nos rodea comeza cando Érebo se separa da Noite e esta se vai enroscando sobre si mesma ata converterse nun enorme ovo, que eclosiona deixando aparecer o Amor (Ἔρως). As dúas metades da casca pasan a ser Urano (Οὐρανός, o Ceo) e Xea (Γῆ, a Terra). O Amor vains impulsando a unirse, e deles xurdirá a primeira xeración de deuses: os Titáns e as Titánides, ademais doutros seres




Teogonía




Urano, temeroso dos seus numerosos descendentes, pechounos nas profundidades da Terra. Xea quixo liberalos e entregou ó Titán máis novo, Crono, unha fouce; con ela Crono cortoulle os xenitais ó seu pai e guindounos ó baleiro. Do sangue de Urano caído á Terra xurdiron varios monstros (os Xigantes, as Erinias e as Melíades), mentres as pingas caídas no mar produciron a Afrodita



Como consecuencia deste acto, Crono fíxose co poder. Logo uniuse á súa irmá Rea, mantendo os demais Titáns pechados de novo debaixo da Terra. A súa nai Xea, anoxada, prediciulle que un dos seus descendentes o ía destronar. Por iso devoraba cada un dos fillos que Rea lle daba



Rea, desgustada, agochou o pequeno Zeus e deulle a Crono no seu lugar unha pedra envolta en cueiros, que o Titán tragou sen decatarse. Así, Zeus foi criado en segredo nunha cova na illa de Creta. Ó chegar á idade adulta, presentouse ante o seu pai e deulle a beber unha droga que fixo a Crono vomitar todos os seus fillos. Zeus aliouse cos seus irmáns e declarou a guerra ó seu pai, quen chamou os demais Titáns na súa axuda. Comezaba así a Titanomaquia




A guerra durou dez anos, ata que Xea, farta de ver os seus fillos e netos loitando, contou a Zeus que triunfaría se solicitaba a axuda dos monstros fillos dela mesma e de Urano: os Cíclopes, os Hecatonquiros (seres enormes con 100 brazos) e os Xigantes



Zeus e os seus irmáns pecharon os Titáns derrotados, pero a súa nai Xea apiadouse deles e quixo liberalos. Para iso recorreu ós Xigantes, que non podían morrer se non eran feridos á vez por un deus e un mortal. Comenzaba a Xigantomaquia



Para gañar esta guerra, Zeus chamou na súa axuda a Hércules, que achegou a súa habilidade co arco e as frechas. Os Xigantes foron derrotados e comezou o goberno dos chamados Deuses Olímpicos, denominados así por vivir no monte Olimpo






Pouco despois, Zeus debeu enfrontarse ó Xigante Tifón, que atacou o ceo e puxo en fuga os deuses. Tifón derrotou a Zeus en primeira instancia, cortándolle os tendóns e agochándoos. Pero os demais deuses recuperáronos e devolvéronllos a Zeus, que finalmente derrotou ó monstro e soterrouno baixo o volcán Etna, en Sicilia

Zeus quixo demostrar o seu carácter dando un castigo exemplar ós seus inimigos e, por ter loitado contra el, condenou a Atlas, fillo do Titán Xápeto, a soster sobre os seus ombreiros a bóveda do ceo, xusto onde este se deita enriba do mar, no extremo occidental do mundo



Desde entón, os Deuses Olímpicos gobernan o Universo. Aínda que a súa nómina varía segundo uns mitógrafos ou outros, adóitase tomar unha lista de catorce deuses: Zeus á cabeza, coas súas tres irmás e dous irmáns, máis oito novas divinidades (seis fillos e fillas de Zeus, xunto cun fillo de Hera e unha filla de Urano)



Nacemento e país:

De Crono e Rea. Créase en Creta

Matrimonio:

Hera

Misión:

Pai dos deuses, señor do ceo e do Universo

Atributos:

O raio

Lendas principais:

Nacemento, conquista e defensa do poder
(Titanomaquia, Xigantomaquia, loita contra Tifón),
reparto cos seus irmáns, múltiples unións sexuais
con diversas deusas e seres humanos

Ζεὺς (Zeus)



With Zeus Car Batteries



Nacemento e pais:

De Crono e Rea

Matrimonio:

(Permanece virxe)

Misión:

Conservar prendido o lume do Olimpo

Atributos:

Unha lámpada ou un facho

Lendas principais:

Apenas téñ presenza nos relatos mitolóxicos. Foi máis importante a súa versión romana, Vesta

Ἑστία (Hestia)



Nacemento e país:

De Crono e Rea

Misión:

Protexe a terra cultivada

Atributos:

Un feixe de espigas

Lendas principais:

Rapto da súa filla Perséfone por Hades

Δημήτηρ
(Deméter)



Nacemento e país:

De Crono e Rea

Matrimonio:

Zeus

Misión:

Preside o matrimonio e o parto

Atributos:

Un cetro e un ou varios pavos reais

Lendas principais:

Castigo ás ninfas lo (orixe dos ollos da cola do pavo real) e Eco, Xuízo de Paris

“Hῡα (Hera)”



Nascimento e pais:

De Crono e Rea

Matrimônio:

Perséfone

Misión:

Governa o Inframundo (mundo dos mortos)


Atributos:

Cetro, casco que proporciona invisibilidade, Can
Cérbero

Lendas principais:

Reparto do poder cos seus irmáns Zeus e Posidón,
rapto de Perséfone

Αἰδης (Hades)



Nacemento e país:

De Crono e Rea

Matrimonio:

Anfitrite

Misión:

Señor dos mares, océanos e illas


Atributos:

O tridente (co que sacude o mar e a terra), o
cabalo (de terra e mar), os tritóns

Lendas principais:

Reparto do poder cos seus irmáns Zeus e Hades

Ποσειδών
(Posidón)



Nacemento e país:

En Delos, de Zeus e Leto (filla dos Titáns Ceo e Febe); xemelgo de Artemisa

Misión:

Personificación do sol, inventor e protector da adiviñación, a medicina, a música e as artes en xeral

Atributos:

A lira, o arco e as frechas, a coroa de loureiro

Lendas principais:

Nacemento, viaxe ó país dos Hiperbóreos, regreso a Delfos (matando a Pitón), namoro de Dafne, Casandra, Xacinto e Cipariso; conspiración con Posidón para destronar a Zeus (e castigo nos muros de Troia)

Ἀπόλλων (Apolo)



Nacemento e pais:

En Delos, de Zeus e Leto; xemelga de Apolo

Matrimonio:

(Permanece virxe)

Misión:

Personificación da Lúa, padroa da caza, os bosques e o pastoreo

Atributos:

O arco e as frechas, o cervo, unha manda de cans

Lendas principais:

Nacemento (axudando á súa nai no parto de Apolo),
castigo a Acteón por vela espida

Ἄρτεμις (Artemisa)



Nacemento e pais:

Nace de Hera por partenoxénese

Matrimonio:

Afroditá

Misión:

Mestre das técnicas da forxa e o traballo dos metais

Atributos:

Martelo e birrete

Lendas principais:

Nacemento (e orixe da súa eiva na illa de Lemnos),
infidelidade de Afrodita

Ἡφαίστος (Hefesto)



hefestus
SLB Technologies



Nacemento e país:

Nace dos xenitais de Urano caídos ó mar. Logo é levada polos ventos Céfiros ás illas de Citera e Chipre

Matrimonio:

Hefesto

Misión:

Goberna o amor e, en xeral, a fecundidade na Natureza

Atributos:

É representada núa e, ás veces, coa cabeza coroada de mirto

Lendas principais:

Nacemento, mito de Adonis, amores con Anquises e Ares, Xuízo de Paris

Ἀφροδίτη (Afrodita)



Nacemento e país:

Nace de Zeus e Metis (filla dos Titáns Océano e Tetis). Ó ser tragada esta por Zeus, Atenea nace da súa cabeza, en Libia

Matrimonio:

(Permanece virxe)

Misión:

Protectora e dadora de sabedoría

Atributos:

Casco, lanza, escudo e éxida (pel de cabra)

Lendas principais:

Nacemento, orixe de Atenas (Erictonio), loita con Posidón pola Ática, morte de Palas

'Αθηνά (Atenea)



Nacemento e país:

Nace de Zeus e Maia (unha das Pléiades, fillas do Titán Atlas e a ninfa Pléione)

Misión:

Protector dos viaxeiros, comerciantes e pastores.
Mensaxeiro dos deuses. Acompaña as almas dos mortos ó Inframundo

Atributos:

Caduceo (vara de mensaxeiro), casco e sandalias con ás. Ás veces é representado cun año sobre os ombreiros

Lendas principais:

Nacemento, invento da lira e a frauta de Pan

Ερμης (Hermes)



Aṓns (Ares)

Nacemento e país:

Nace de Zeus e Hera

Misión:

Preside a guerra

Atributos:

Casco, coiraza, lanza, escudo e espada

Lendas principais:

Orixe de Tebas



Διόνυσος (Dioniso)

Nacemento e pais:

Nace da coxa de Zeus, onde o deus o cosera tras a morte da súa nai Sémele, filla á súa vez de Cadmo, fundador de Tebas

Misión:

Personifica os poderes da vide e o viño

Atributos:

O tirso (bastón coroadado por un ananás) e a pantera

Lendas principais:

Nacemento, acompañantes e conquistas



origem dos seres humanos

Prometeo, un dos fillos do Titán Xápeto e da Titánide Clímene, creou o home modelándoo a partir de lama, segundo uns; ou simplemente é o benefactor da Humanidade, segundo outros.

Tivo que enganar a Zeus para axudar os homes, que eran desprezados polo pai dos deuses. En certa ocasión sacrificou un boi a Zeus e deulle a elixir unha das dúas partes en que o dividira, baixo aparencias diferentes



Unha parte parecía ser só a pel do boi, pero esta envolvía anacos de carne; a outra era, en aparencia, un montón de graxa, pero nel agochábanse só ósos. Zeus elixiu a segunda; decepcionado, castigou os homes, protexidos de Prometeo, privándoos do lume. Prometeo subiu ó ceo, roubou unhas faíscas dos raios de Zeus e levóullelas ós homes.

Zeus, cheo de ira, encadeou a Prometeo a unha rocha no Cáucaso, onde unha aguia lle comía todos os días as entrañas, que se rexeneraban durante a noite. Así foi torturado un día tras outro, ata que Hércules o liberou



Zeus non quixo deixar sen castigo
ós homes: pediu ós deuses que
creasen un ser e que cada un deles
o dotase dunha cualidade distinta.
O resultante foi a muller, que foi
enviada ós homes baixo o nome de
Pandora. Cando ela chegou á
Terra, viu unha caixa pechada. Ela
non o sabía, pero o recipiente
contiña todos os males. Levada
pola curiosidade, abriu a caixa e
os males espalláronse polo mundo:
dentro só quedou a Esperanza.

Outra versión deste mito di que na
caixa estaban todos os bens, e que
Pandora, ó abríla, os perdeu para
a Humanidade, agás a Esperanza

